

AXUDAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAS EMIGRANTES GALEGAS RETORNADAS. SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN.- XUNTA DE GALICIA (PR905A)

PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as seguintes persoas, que residindo fóra de España con nacionalidade española, establezan a súa residencia na Comunidade Autónoma galega:

1. As persoas galegas e nadas en Galicia.
2. Os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal das persoas galegas e nadas en Galicia.
3. Os descendentes por consanguinidade das persoas galegas e nadas en Galicia

Quedan excluídas desta convocatoria as persoas beneficiarias nas dúas convocatorias anteriores (2020 e 2021), así como o resto das persoas que formasen parte da súa unidade familiar cando solicitou a axuda.

REQUISITOS

- a. Estar en posesión da nacionalidade española antes de retornar.
- b. Estar empadroada e ter residencia nun concello de Galicia.
- c. Ter residido legalmente no estranxeiro un mínimo de 2 anos inmediatamente anteriores á data do retorno a España.
- d. Que a data do retorno a España sexa a partir do 1 de xaneiro de 2020, incluído.
- e. Carecer de recursos económicos suficientes.
- f. Carecer de patrimonio mobiliario suficiente na unidade familiar.

TIPOS DE AXUDAS

Liña 1 Axudas extraordinarias:

1. Axudas de carácter xenérico para facer fronte á situación derivada do retorno da unidade familiar, cuxo importe en función do número de puntos que se obteña segundo os criterios recollidos no artigo 5.

2. Dificultades no acceso a vivenda das persoas retornadas, establécese unha axuda de **500 euros por unidade familiar** destinada a facer fronte aos gastos derivados das primeiras xestións necesarias para garantir o acceso a unha vivenda.

3. Reforzo o apoio ás persoas beneficiarias con cargas familiares, establécese tamén unhas **axudas específicas de pagamento único**, sempre que a persoa beneficiaria tivese algún fillo/a menor de 18 anos convivindo no seu domicilio. As contías destas axudas outorgaranse por cada fillo menor e terán os seguintes importes:

1.000 euros polo primeiro e segundo fillo/a menor de 18 anos.

1.500 euros a partir do terceiro fillo/a menor de 18 anos.

No caso de que no momento de solicitar a axuda, a unidade familiar conste empadroada e residindo nun concello rural, as anteriores contías establecidas por cada fillo/a menor incrementaranse nun 25 %. *Considéranse concellos rurais todos os concellos galegos agás os seguintes: Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás, Ourense, Poio, Pontevedra e Vigo.*

No caso de que a persoa beneficiaria fose menor de idade aplicarase tamén o previsto no punto anterior deste artigo, incrementando neste caso a contía da axuda en 1.000 euros e un 25 % máis no caso de residir nun concello rural.

As axudas específicas de pagamento único deste artigo poderanse conceder no caso de que a persoa solicitante non poida ser beneficiaria das axudas xenéricas por non cumprir os requisitos das letras d) ou e), sempre que a renda per cápita anual dos membros da unidade familiar do ano anterior ao da convocatoria non supere os 13.500 euros.

A **contía límite da axuda extraordinaria** concedida será ata un **máximo de 6.000 euros**. Estas axudas serán compatibles con calquera outra que poida percibir a persoa solicitante para o mesmo fin.

Liña 2 «Axudas reforzo COVID-19»:

Teñen por finalidade apoiar a unidade familiar polas dificultades de inserción socio-laboral no contexto actual de pandemia.

MODO E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Preferiblemente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Ata o 30 de setembro de 2022, incluído.

CONSIDERACIÓNS

1. Recursos económicos suficientes: cando a suma da media dos ingresos que perciba cada membro da unidade familiar, nos dous meses anteriores ao da presentación da solicitude, dividido entre o número de persoas que a integren supere o importe do IPREM mensual vixente na data da solicitude. Consideraranse ingresos da unidade familiar os obtidos por calquera dos seguintes conceptos: rendementos do traballo, rendas de actividades económicas, profesionais, empresariais ou agrarias, pensións e prestacións, rendas do capital mobiliario e inmobiliario.

Exceptúanse do cómputo dos ingresos da unidade familiar: bolsas de estudos, material ou outras relacionadas coa formación; os ingresos por asistencia a cursos de formación non regrada, os ingresos de pagamento único dirixidos a paliar situacións de emerxencia social; as prestacións familiares por fillo/a ou menor a cargo; as prestacións económicas e libranzas derivadas da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

2. Unidade familiar: será a formada pola persoa solicitante e, se é o caso, polo seu cónxuxe non separado legalmente, parella de feito inscrita ou persoa unida por análoga relación, e os/as fillos/as da persoa solicitante solteiros/as menores de 25 anos, así como os maiores desa idade incapacitados, que residan na mesma vivenda. No caso de que persoa solicitante sexa solteira menor de 25 anos ou maior desta idade e incapacitada, a unidade familiar estará formada pola persoa solicitante e, se é o caso, polos seus proxenitores, irmán/s ou irmá/s solteiros/as menores de 25 anos, así como os maiores desa idade incapacitados, que residan na mesma vivenda. Só se computarán como membros da unidade familiar os que consten no mesmo domicilio segundo os datos do Padrón Municipal ou da certificación municipal de convivencia.

3. Patrimonio mobiliario suficiente: se o valor actualizado dos bens mobles de todas as persoas da unidade familiar supera o límite de 20.000 euros cando a unidade familiar estea formada por unha persoa, incrementado, se é o caso, en 5.000 euros adicionais por cada un dos restantes membros da unidade familiar. O patrimonio mobiliario estará conformado polos depósitos en conta corrente ou a prazo, accións, fondos de investimento e fondos de pensións, valores mobiliarios, etc. que conste na documentación bancaria, tanto en España como no estranxeiro.

Máis información:

Servizos sociais comunitarios do Concello de Touro

Teléfono: 981504000/504029 Extensión 1

RESOLUCIÓN do 15 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PR905A).

[Resolución DOG Martes, 29 de marzo de 2022 \(xunta.gal\)](#)